

SECRETARIA

0,ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 12.06.2019	Ref. 05/2019
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 12 DE XUÑO DE 2019

No Salón de actos do Concello de Mos, sendo as 10:00 horas do día 12 de xuño de 2019, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Sres/as. Concelleiros/as.

Asisten os seguintes Sres/as. Concelleiros/as:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez
D. Baldomero Lorenzo García

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Miguel Angel Rodríguez Alonso
D^a M^a Aurora Giráldez Leirós
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D^a Patricia Pérez Ucha
D^a Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Concelleiros non adscritos

D. Emilio Muíños Pumar
D. Pablo Castro Represas

Secretaria,

M^a Ángeles García Villaverde

SECRETARIA

Interventora accidental
Marina Táboas Bernárdez

Único. Aprobación do borrador da acta da sesión de 29 de abril de 2019.

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a acta da sesión celebrada con data 29 de abril de 2019.

Apróbase a mesma pola maioría dos membros presentes, coa abstención do Sr. Miguel Ángel Rodríguez Alonso por non asistir.

Antes de finalizar a sesión interveñen os voceiros dos distintos grupos políticos e os concelleiros non adscritos.

A Sra. Pérez Ucha quere agradecer o respecto mostrado polo personal do Concello.

O Sr. Aldea Moscoso, di que se vai moi contento polos oito anos pasados e que igual volve noutros catro. Que houbo bo trato entre os compañeiros concelleiros e moi contento co trato dos funcionarios.

O Sr. Rodríguez Alonso considera que foi unha experiencia interesante, ao marxe das diferenzas políticas. Que intentou mellorar o Concello de Mos que repercutira na vida das persoas e que espera que algo quede.

O Sr. Muiños Pumar que leva moitos anos na vida publica pero non “en directo” como estes catro anos, di que os funcionarios merecen un 10, e que o trataron con todo o respecto. Dos compañeiros corporativos resaltar que jamás pensei que iba a ser tan importante para que se nombrara tanto e que el actuou sempre respetando os intereses de Mos por encima dos del propios.

O Sr. Castro Represas di que foi un breve tempo, que tratou de traballar polos veciños de Mos, pensando nos intereses de Mos e agradece o trato recibido.

A Sra. Arévalo Gómez, agradece a colaboración de todos se ben a cada un desde o seu sitio, recoñece o traballo dos funcionarios e manifesta que son afortunados de formar parte da historia deste concello, sendo un orgullo e un honor; recoñece a oposición valente de Emilio e de Pablo que

SECRETARIA

están ao lado do futuro e recorda o traballo dos ex concelleiros Troitiño e Parada; que espera que todos recorden con cariño este tempo e quedando a súa disposición

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do doce de xuño de dous mil dezanove, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa
Visto e prace

A Secretaria,

Nidia M^a Arévalo Gómez

M^a Angeles García Villaverde

Documento asinado electronicamente.